

Guía de procedimientos e servizos

BS607A - Programa Benestar en Balnearios.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 17/02/2016 - 07/03/2016.

20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Prazo de resolución: Tres meses

Sentido do silencio administrativo: Negativo

Documentación

- As solicitudes formularanse no modelo oficial que se indica nos anexos I, II e III desta orde e xuntarase a seguinte documentación:
 - a) Copia compulsada do documento nacional de identidade (DNI) ou ben do pasaporte ou do número de identificación de estranxeiro (NIE), segundo proceda, relativa á persoa solicitante, á que a acompaña en calidade de cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal e á filla ou fillo con discapacidade, se fose o caso, e unicamente cando non se autoriza a súa consulta.
 - b) Copia do certificado de empadramento, emitido polo concello correspondente, que acredite a residencia nun municipio da Comunidade Autónoma no momento de presentar a solicitude, relativa á persoa solicitante, á que a acompaña en calidade de cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal e á filla ou fillo con discapacidade, se fose o caso, e unicamente cando non se autoriza a súa consulta.
 - c) Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período en que se presente a solicitude. No caso de estar exento da declaración do imposto da renda das persoas físicas, copia do certificado de toda clase de pensións percibidas pola persoa solicitante e acompañante ou declaración responsable de non percibilas, relativa á persoa solicitante, á que a acompaña en calidade de cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal, e só no caso de que non se autorice a súa consulta.
 - d) Copia do libro de familia da persoa solicitante no caso de queira acudir ao programa acompañada dun fillo ou filla con discapacidade e non se autorice a súa consulta.
 - e) Certificado do grao de discapacidade do fillo ou filla da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta ou se o dito certificado non constase en poder da Xunta de Galicia.
- En cada solicitude só se poderá relacionar un máximo de tres destinos por orde de prioridade.
- As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto

198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro. A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non sexa autorizado o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.es

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL

SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA

Servizo de Prevención da Dependencia

San Caetano
15781
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981547391 / 981544640 Fax: 981545691
Email: autonomiapersoal.sxps@xunta.es
Información web: <http://www.xunta.es/politica-social>

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMIA PERSONAL
R/ Concepción Arenal, 7-9
15006
A CORUÑA
Teléfono: 881881537 Fax: 981881506

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMIA PERSONAL
R/ Serra de Ancares, 68 baixo
27003
LUGO
Teléfono: 982294896 Fax: 982889162

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMIA PERSONAL (Centro Sociocomunitario)
R/ Concello, 14
32003
OURENSE
Teléfono: 988372430 Fax: 988370884

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO

SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMIA PERSONAL
Praza da Estrela, s/n - 3º Andar
36201
VIGO
Teléfono: 986817214 Fax: 986817637

Obxecto

O obxecto desta orde é a oferta de prazas para as estadias e o tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2016 e proceder á súa convocatoria.

Para tal efecto enténdese por establecementos balnearios aqueles que dispoñen de augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública segundo o artigo 2 do Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Prazas e quendas convocadas.

1. Convócanse 607 prazas para participar no programa de Benestar en balnearios da Xunta de Galicia 2016, que se levarán a cabo nas quendas e establecementos termais que se relacionan no anexo IV da presente orde.
2. As quendas teñen una duración de 10 días (nove noites) cada unha e comprenderán desde as doce horas do día de chegada ata as doce horas do día de saída.
3. O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o mes de marzo e o de decembro de 2016.

Beneficiarios

1. Serán persoas beneficiarias do programa de Benestar en balnearios aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b) Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos ou fillas que acudan en calidade de acompañantes.
- d) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a normal convivencia durante o transcurso da quenda.
- e) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

2. A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu ou da súa cónxuxe ou, se fose o caso, da parella de feito ou persoa con que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a) do punto primeiro.

3. Tamén poderán participar, en calidade de acompañantes como xa se indica no punto 1 c), os fillos ou fillas das persoas solicitantes que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando o poidan facer sen necesidade de apoio de terceira persoa e se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos citados no número 1 deste artigo, excepto o da letra a).

4. As persoas solicitantes terán que cumprir os requisitos establecidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 10 de febreiro de 2016 pola que se ofertan prazas para estadias e tratamento termal dentro do programa de Benestar en balnearios 2016 e se procede á súa convocatoria (DOG nº 31 do 16 de febreiro de 2016).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>